

## **ORDENANZA FISCAL Nº 15**

### **TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO NO CEMITERIO MUNICIPAL**

#### **ARTIGO 1º. - FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 25 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo servizo do cemiterio municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

#### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal de Carballo. Comprende a prestación de actividades relativas ó cemiterio municipal tales como: concesión de nichos, apertura de nichos para inhumacións e exhumacións, traslados de cadáveres ou restos, permisos para colocación de lápidas, cambios de titularidade, vixilancia e conservación do cemiterio, e calquera outros que de conformidade co Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e demais legislación específica sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

#### **ARTIGO 3º.- OBLIGACION DE CONTRIBUIR.**

A). Orixínase cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose que inician no momento de solicita-la prestación dos mesmos.

No caso da taxa pola conservación, devengarase o día 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo coincidirá co ano natural.

B). Non suxeción.

Consideranse non suxeitas as inhumacións ou exhumacións que ordene a autoridade xudicial. Tamén se considerarán non suxeitas as permutas de nichos cando o Concello sexa un dos interesados.

#### **ARTIGO 4º.- SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, solicitantes ós que se lles conceda ou autorice a prestación do servizo, e, en calquera caso, os titulares da concesión, herdeiros ou persoas que os representen.

### ARTIGO 5º.- RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

### ARTIGO 6º.- CRITERIOS XENERICOS DE CAPACIDADE ECONOMICA.

Non se esixirá o pagamento para os servicios de enterramento de persoas pobres de solemnidade, cando a familia non pague ningún tipo de pompa fúnebre.

### ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase atendendo ás seguintes tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Concesión de nichos.	360,61 € (60.000 pts)
2. Cambios de titularidade, cando proceda a súa autorización. 2.1. De mausoleos. 2.1.1. Por cesión. Por cada m.2	30,050605 Eu (5.000 pts)
2.1.2. Por herdanza ou transmisión entre cónxuxes ou familiares ata o 3º grao de parentesco. Por cada m.2	6,010121 Eu (1.000 pts)
2.2. De nichos. 2.2.1. Por cesión. Por cada nicho.	20% valor vixente
2.2.2. Por herdanza ou transmisión entre cónxuxes ou familiares ata o 3º grao de parentesco. Por cada nicho.	3 €(499 pts)
2.2.3. Permuta, por causa xustificada. Por cada nicho permutado.	3 €(499 pts)
3. Por licencias de apertura de sepulturas, para inhumacións ou exhumacións. 3.1. Por cada permiso de apertura en mausoleos. Por compartimento.	36 €(5.990 pts)
3.2. Por cada permiso de apertura en nichos.	30 €(4.992 pts)
3.3. Con redución de restos ou traslado para outro nicho deste cemiterio.	60 €(9.983 pts)
4. Por autorización para colocación de lápidas, adornos, revestimentos de sepulturas, etc.. Por cada nicho.	3 €(499 pts)
5. Vixilancia e conservación do cemiterio. Por cada nicho ou compartimento Por cada ano.	5,00 €

## **ARTIGO 8º.- NORMAS COMPLEMENTARIAS.**

1. Os restos de cadáveres enterrados en calquera clase de sepultura poderán pasar ó osario, se así se solicita, sen pagar ningún dereito, sempre que a sepultura quede libre, efectuándose as operacións por conta do Concello e revertendo a sepultura desocupada en favor do mesmo.

2. Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foran obxecto de autorización e pagamento de dereitos, abonarase o importe que resulte de liquidar as transferencias anteriores conforme á Ordenanza actualmente vixente.

3. A colocación de lápidas, ou elementos ornamentais, axustarase ás condicións da autorización e ás normas que se poidan establecer para este caso.

4. Como consecuencia da desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostente a súa titularidade, dando lugar a que aparezan en estado de ruina ou abandono que produza perigo ou desmereza o necesario ornato e aspecto do entorno, o Concello poderá proceder á demolición ou retirada dos obxectos que se encontren deteriorados ou en mal estado, sen que proceda resarcimento ou indemnización algunha por tal concepto.

5. Toda clase de sepulturas ou nichos que, por calquera causa, queden vacantes, reverten a favor do Concello.

6. O Concello poderá declarar a caducidade, revertindo á entidade local a plena dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Por estado ruinoso da construción.

b) Por abandono da sepultura. Considerarase producido o abandono cando leven transcorridos máis de 10 anos desde a última inhumación realizada, e se produza a falta de pagamento dos dereitos de vixilancia e conservación durante igual período.

Tamén se considerará abandono se despois de 10 anos da morte do titular os seus herdeiros, ou personas subrogadas por herencia ou outro título, non solicitasen a transmisión ó seu favor.

A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no que se dará audiencia ós interesados. No caso de non ser conocido o seu domicilio publicarase o correspondiente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de dous meses para efectuar a comparecencia e poñerse ó corrente das débedas tributarias existentes ou efectuar a reparación que proceda.

Se o motivo do expediente fora o mal estado de conservación da sepultura, a comparecencia suspenderá a tramitación do expediente ata que pase o prazo que se conceda para a execución das obras procedentes. Transcorrido ese prazo sen que realizen as obras, decretarase a caducidade do dereito mediante resolución da Alcaldía.

Declarada a caducidade das sepulturas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, o Concello poderá dispoñer das mesmas unha vez trasladados os restos ó osario.

## **ARTIGO 9º.- NORMAS DE XESTION.**

1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos dos que se trate no Rexistro Xeral do Concello, acompañando os documentos preceptivos necesarios para a súa tramitación, ou os que se requiran ó efecto para fundamenta-la solicitude.

2.- Resolta a solicitude practícarase liquidación, que será notificada ó interesado.

## **ARTIGO 10º.- INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS.**

En materia de calificación das infraccións, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

## **DISPOSICION ADICIONAL.**

As cotas tributarias fixadas no artigo 7º desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo, que sinale o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

## **DISPOSICION DERRADEIRA.**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

## **DILIXENCIA.-**

Esta Ordenanza foi modificada por acordo plenario, tomado na sesión ordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2001. Exposta ó público por prazo de trinta días hábiles, segundo anuncio publicado no B.O.P. nº 267 o día 21 de novembro de 2001, e no Diario El Ideal Gallego o día 23 de novembro de 2001, foi aprobada definitivamente o día 29 de decembro de 2001. Publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 298 do día 31 de decembro de 2001, entrou en vigor o día 1 de xaneiro do ano 2002.

O SECRETARIO ACCTAL.,